	<b>TOTAL</b>	<b>1.147.614,00</b>	<b>349.470,00</b>	<b>1.497.084,00</b>	<b>908.540,44</b>	<b>908.540,44</b>	<b>908.540,44</b>	<b>0,00</b>	<b>588.543,56</b>



CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO  
DAS COMARCAS DO DEZA E TABEIROS-TERRA DE MONTES

# MEMORIA DA PRESIDENCIA



## ORZAMENTO 2024: MEMORIA DO PRESIDENTE

O orzamento ordinario para o Exercicio 2024 do “Consortio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes” ascende á cantidade de **1.188.738,00** (un millón cento oitenta e oito mil setecentos trinta e oito euros), e cumpre a normativa vixente en materia orzamentaria. O orzamento experimenta un **incremento** respecto ao anterior exercicio, de **41.124,00 €** é dicir, sofre un aumento do **3,6 %** en cifras resultantes.

Así, o Capítulo I de Gastos de Persoal representa o 85,23 % , o Capítulo II de Gastos Correntes e Servizos o 14,73 % , e o Capítulo VI de inversións representa tan só o 0,04 %.

**Pese a que o orzamento experimenta un incremento do 3,6 % , os importes das achegas da Deputación Provincial de Pontevedra e da Xunta de Galicia non experimentan incremento algún respecto do anterior exercicio.**

Este incremento orzamentario, como logo se explicará mais polo miúdo, ven orixinado basicamente polo **incremento do 2,5%** que experimenta para o ano 2024 o **Capítulo I de Gastos de Persoal**, xa que logo se prevé unha **subida salarial xeral** de todos os conceptos retributivos do persoal do **2,5%**, tamén debido a que perante o ano 2024 se incrementa o cómputo da antigüidade a seis traballadores da plantilla que cumpren un trienio mais, e así mesmo debido ao incremento subsecuente da partida de Cotizacións Sociais nun 2,5% polo incremento das bases de cotización do persoal do Consorcio.

Por todo o anterior, este Capítulo I de Gastos de Persoal se incrementa respecto ao exercicio anterior 24.160,04 €.

Pola súa parte, o **Capítulo II de Gastos Correntes e Servizos** experimenta unha **suba do**



**10%**, concretamente de 16.963,96 €, e representa o 14,73% do total do orzamento para o exercicio 2024.

Este incremento do 10% ten a súa explicación no feito de que hai que actualizar determinadas partidas orzamentarias para adaptalas á certas novas situacións, como por exemplo: o incremento do custe dos combustibles e carburantes para o parque móbil, feito pola cal se prevé un incremento na partida de subministro de combustibles e carburantes do 5% (incremento de 1.350,00 €), o incremento do 30% (incremento de 4.725,00 €) da partida de conservación, mantemento e reparación do parque móbil orixinado polas últimas adquisicións de novos vehículos para renovar o parque móbil do Consorcio, o incremento do 60% (incremento de 5.400,00 €) da partida de subministro de vestiario, para poder proceder durante o ano 2024 á renovación de roupa de traballo da plantilla de persoal, o incremento do 58% (incremento de 2.141,70 €) do contrato de limpeza das instalacións do parque de bombeiros, derivado dun requirimento da Inspección de Traballo, o incremento do 16% (incremento de 2.627,26 €) da partida destinada a facer fronte ás diferentes primas de seguro que ten subscritas o Consorcio para o seu funcionamento, debido basicamente á nova prima de seguro a todo risco que se formalizou para o novo vehículo autobomba urbano pesado recentemente adquirido polo Consorcio, e o incremento do 20% (incremento de 720,00 €) da partida de edificios e outras construcións, para poder realizar pequenas reparacións no edificio do parque de bombeiros do Consorcio.

O **Capítulo VI de Investimentos Reais, non experimenta incremento algún** respecto ao anterior exercicio, polo que un ano mais segue a manterse unha consignación testimonial de **500,00 €**, o que representa tan só o 0,04% do total do orzamento, pese a que o Concerto subscrito polo Consorcio coa Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios de UNESPA representa o 19% do orzamento de ingresos (230.124,00 €).



De seguido, pásase a analizar polo miúdo tanto o estado de ingresos como o de gastos:

#### A) ESTADO DE INGRESOS:

O Estado de Ingresos conta basicamente coas seguintes partidas:

- As aportacións procedentes dos **Entes Consorciados (Deputación Provincial de Pontevedra e Xunta de Galicia)** que aportan un total de **937.814,00 €**, o que significa que ambas Administracións Consorciadas financian o **79%** do total do orzamento do Consorcio. Hai que destacar que **pese ao incremento do 3,6% do orzamento para o ano 2024 respecto do anterior exercicio**, as achegas da **Deputación Provincial de Pontevedra e Xunta de Galicia non van a experimentar incremento algún respecto ao ano pasado**, debido basicamente a o feito que dito incremento o asume na súa totalidade o incremento do 22% previsto na partida das Contribucións Especiais de Mellora derivada das melloras no Convenio suscrito polo Consorcio e a Xestora de Concertos para a Contribución ós Servizos de Extinción de Incendios de UNESPA (Unión Española de Entidades Aseguradoras y Reaseguradoras).
- O ingreso de **230.124,00 €** que perante o exercicio 2024 se esperan recibir por parte da **Xestora de Concertos para a Contribución ós Servizos de Extinción de Incendios A.I.E. (UNESPA)**, en forma de Contribucións Especiais de Mellora, o que representa o 19% do total do orzamento de ingresos. A contía desta partida de ingresos se incrementa un 22% (41.124,00 €) respecto do anterior exercicio económico, que era de 189.000,00 €.
- Os **19.000,00 €** de **Taxas Públicas pola Prestación do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento** que se esperan recadar perante o exercicio 2024, e que representan o 1,6% do total do orzamento de ingresos.
- O **Convenio suscrito polo Consorcio co Concello de Silleda**, pola contía de **1.500,00 €**.





## B) ESTADO DE GASTOS:

**CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL:** Ascenden a **1.013.121,27 €** e representan o **85,23%** do total do Orzamento de Gastos para o exercicio 2024.

O Capítulo de Gastos de Persoal experimenta un **incremento do 2,5 % (24.160,04 €)** respecto ao ano anterior polas razóns seguintes:

1. Se contempla no orzamento unha **suba salarial** para o persoal ao servizo das administracións públicas do **2%** en todos os concepto retributivos da nómina de persoal. Ademais, se prevé no orzamento que esta suba se poderá incrementar ata nun **(0,5%) punto adicional** en función de variables vinculadas ao IPC e ao PIB nominal. Polo tanto, no proxecto de orzamento do Consorcio xa se prevé unha **subida salarial xeral do 2,5%** das retribucións do persoal respecto do anterior exercicio. Isto fai que a partida das remuneracións ao persoal se **incremente en 13.741,84 €**.
2. Ata **seis traballadores da plantilla** de persoal do Consorcio cumprirán un **trienio máis de antigüidade** durante o ano 2024, o cal incrementa o custe salarial das retribucións básicas dos mesmos.
3. Debido ao incremento xeral das retribucións do persoal, a contía da partida destinada ao pago das **Cotizacións á Seguridade Social** experimenta así mesmo un **incremento do 2,5%** respecto ao anterior exercicio (**incremento de 12.036,44 €**), debido a que se incrementan as Bases de Cotización do persoal do Consorcio.

**CAPÍTULO II: GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS:** Ascende a **175.116,73 €** e representa o **14,73 %** do total do Orzamento de Gastos do Consorcio para o exercicio económico 2024.



Este Capítulo de Gasto Corrente ten unha estrutura por programas e económica, case que idéntica á do ano pasado, e que obedece a una clara política de contención do gasto público, procedendo o Consorcio a reducir os créditos a niveis básicos de funcionamento e operatividade. Aínda así, e para poder facer fronte á recente suba do custe dos combustibles para o parque móbil do Consorcio, e para acomodar determinadas partidas económicas ás necesidades reais do Consorcio, o Capítulo de Gasto Corrente experimenta un **incremento do 10 % (incremento de 16.963,96 €)** respecto ao ano anterior polos seguintes motivos:

- 1.- No orzamento de gastos está previsto un **incremento do 5% (incremento de 1.350,00 €)** da partida de **“Subministros: Consumo de Combustibles e Carburantes”** respecto do exercicio anterior, para facer fronte durante o ano 2024 á previsible suba do custe do gasoil para todo o parque móbil do Consorcio e para a calefacción e auga quente das instalacións.
- 2.- Se prevé un **incremento do 30% (incremento de 4.725,00 €)** da partida de **“Material de Transporte: conservación, mantemento e reparación do Parque Móbil**, orixinado polas recentes adquisicións de novos vehículos para renovar o parque móbil do Consorcio, como foron a Autoescaleira Automática (AEA) e a Autobomba Urbana Pesada (BUP).
- 3.- No orzamento de gastos se prevé un **incremento do 20% (incremento de 720,00 €)** da partida de **“Infraestruturas e Bens Naturais. Edificios e Outras Construcións”**, para poder realizar pequenas reparacións no edificio do parque de bombeiros do Consorcio.
- 4.- No orzamento de gastos se prevé un **incremento do 60% (incremento de 5.400,00 €)** respecto do exercicio anterior da partida de **“Subministros: Vestiario”**, para así poder proceder durante o ano 2024 á renovación de roupa de traballo da plantilla de persoal, como son: pantalóns, polos, sudadeiras, camisetas, luvas, botas, etc.
- 5.- Está previsto un incremento da partida económica **“Traballos Realizados por Outras Empresas”**, debido a un **incremento do 58% (incremento de 2.141,70 €)** do actual contrato de limpeza das instalacións do parque de bombeiros, derivado dun requirimento



da Inspección de Traballo de Pontevedra.

6.- O orzamento prevé un **incremento do 16% (incremento de 2.627,26 €)** da partida “**Primas a Seguros**”, destinada a facer fronte ás diferentes primas de seguro que ten subscritas o Consorcio para o seu funcionamento ordinario, debido principalmente á prima de “seguro a todo risco” que se formalizou para o novo vehículo autobomba urbano pesado (BUP) recentemente adquirido polo Consorcio.

**CAPÍTULO VI: INVERSIONS REAIS:** Ascende a **500,00 €** e representa o **0,04 %** do total do Orzamento de Gastos para o ano 2024. O Capítulo VI de Investimentos Reais non experimenta variación algunha respecto ao anterior exercicio. Hai que ter en conta que no orzamento este capítulo de inversións está dotado economicamente duns testimoniais 500,00 €, pese a que no orzamento están previstos uns ingresos de 230.124,00 € que perante o exercicio 2024 se esperan recibir por parte da Xestora de Concertos para a Contribución ós Servizos de Extinción de Incendios A.I.E. (UNESPA), en forma de Contribucións Especiais de Mellora.

En consecuencia e para finalizar, trátase dun Proxecto de Orzamento realista e axustado as esixencias actuais de contención de gasto, cumpre co equilibrio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira así como co límite de gasto estipulados na normativa vixente.

Silleda, a 25 de setembro de 2023

O Presidente do Consorcio

Asdo.: D. José Crespo Iglesias



CONSORCIO CONTRAMÓVEIS E SALVAMENTO  
DAS COMARCAS DO DEZA E TABOIOS TERRA DE MONTES

# **ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024**

## **INFORME DE INTERVENCION**

# INFORME DE INTERVENCIÓN

De conformidade co disposto no artigo 18 do Real Decreto 500/90, en relación co artigo 168 do RDL 2/2004, emítase o presente Informe para a súa incorporación ó expediente do Orzamento Xeral da Entidade para o ano 2024.

## 1. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Régimen Local.
- Texto Refundido 2/2004, Lei Reguladora das Facendas Locais. (art. 162 a 171)
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. (art. 2 a 23)
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Orde de 3 de decembro de 2008 pola que se establece a estrutura orzamentaria para as Entidades Locais.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Bases de Execución do proxecto do Orzamento do Consorcio para o ano 2024.

## 2. ESTRUCTURA ORZAMENTARIA:

O Orzamento do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes para o ano 2024 presenta a seguinte estrutura:

### ORZAMENTO DE GASTOS / INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE	CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.013.121,27	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos correntes e de servizos	175.116,73	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	249.424,00
4	Transferencias correntes	0,00	4	Transferencias correntes	939.314,00
6	Inversións reais	500,00	5	Ingresos patrimoniais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	6	Enaxenación de inversións reais	0,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1.188.738,00</b>	<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>		<b>1.188.738,00</b>

## 3. EQUILIBRIO ORZAMENTARIO:

Elabórase este proxecto de orzamentos onde o importe total de ingresos e gastos, equilibrado, é:

**ORZAMENTO DE INGRESOS : 1.188.738,00 €**  
**ORZAMENTO DE GASTOS : 1.188.738,00 €**

#### **4. DOCUMENTACION QUE CONTEN O EXPEDENTE:**

Dacordo co establecido no art. 18 do Real Decreto 500/90 e os art. 164, 165 e 166 do Real Decreto Lexislativo 2/2204 do TRLRFL, a documentación que acompaña ao expediente é a seguinte:

- Estado de execución da liquidación do Orzamento de Ingresos a data 30.06.2023.
- Estado de execución da liquidación do Orzamento de Gastos a data 30.06.2023.
- Memoria da Presidencia.
- Informe Económico Financeiro.
- Informe de Intervención.
- Estado de Ingresos.
- Estado de Gastos.
- Anexo de Persoal.
- Anexo de Inversións.
- Bases de Execución.

#### **5. ESTADO DE INGRESOS.**

Neste estado contémpanse consignacións nos capítulos III e IV.

No Capítulo III, Taxas e outros ingresos, tómanse como referencia as liquidacións realizadas nos dous últimos exercicios, e que arrojan uns datos que determinan un incremento de recadación da Contribución Especial de Mellora do Servizo financiada exclusivamente por UNESPA pasando dos 189.000,00 € orzamentados inicialmente para o exercicio 2023 aos 230.124,00 € para o vindeiro exercicio 2024.

No Capítulo IV, contémpanse as previsións de ingresos por Transferencias Correntes procedentes da Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra que non presentan variación con respecto ao exercicio anterior, e o convenio suscrito co Concello de Silleda, relativo a exención de taxas e impostos municipais e que non

presentan variacións con respecto as estimadas no exercicio 2023. O Convenio de colaboración suscrito coa entidade Grupo Naturgy dase por finalizado.

## **6. ESTADO DE GASTOS.**

Neste estado contéplanse consignacións nos capítulos I, II e VI.

En relación cos gastos, é necesario facer referencia ás seguintes consideracións:

No Capítulo I, as retribucións do persoal reflexan un incremento dun 2,5 % en relación coas declaracións realizadas ante os medios de comunicación por parte do Goberno do Estado e os Sindicatos Comisións Obreiras e a Unión Xeneral de Traballadores, que anuncian un acordo que permitirá un incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas de ata un 9,5 % repartido nos exercicios 2022, 2023 e 2024. Deste acordo desprendese que a finais deste exercicio 2023 devengarase un único pago correspondente a un 0,5 % adicional con carácter retroactivo de 1 de xaneiro de 2023. Para o exercicio 2024 contéplase un incremento fixo dun 2 % e un 0,5 % variable que dependerá da evolución do IPC.

Especial consideración ten o concepto orzamentario para a retribución da produtividade destiñado ao pago dos “Reforzos” do persoal e ao pago de aquelas remuneracións extraordinarias que en forma de complemento de produtividade sexan susceptibles de ser concedidas pola Presidencia do Consorcio no ámbito das súas competencias, e que ascende a 103.091,58 €, este importe figura incrementado no 2,5 % en relación co consignado no exercicio 2023 e que será aplicado conforme ao acordo referido; e convinte sinalar que a vista dos datos provisionais da liquidación 2023 resulta insuficiente para garantir unha cobertura mínima de persoal en cada quenda e que constatan unha clara insuficiencia orzamentaria no concepto de produtividade.

Unha das medidas adoptada polo Pleno do Consorcio para atallar o incremento constante da Productividade é a de proceder a convocatoria dunha oferta de emprego público para cubrir tres prazas vacantes, unha por xubilación, outra por excedencia voluntaria e outra de reposición. No presente orzamento contéplase a dotación de estas tres prazas vacantes.

Sinalar que durante este exercicio gran parte da plantilla cumpre trienios.

Este capítulo ascende a cantidade de 1.013.121,27 €, e representa o 85,23 % do total do orzamento.

O Capítulo II de Gastos Correntes e Servizos ascende á cantidade de 175.116,73 €. Experimenta un incremento porcentual dun 10 % e que supón un importe de 16.963,96 € xustificado polo incremento do IPC e máis concretamente os créditos para o suministro de combustible e enerxía eléctrica, así mesmo incrementáse a partida relativa a reparación a mantemento do edificio que co paso dos anos presenta maiores deficiencias, tamén se ten en conta a adquisición dun novo vehículo o cal inflúe nos gastos derivados das primas de seguros así como os de mantemento e conservación do parque móvil. É convinte resaltar un pequeno incremento no crédito de vestiario así como a ampliación do servizo de limpeza das instalacións consecuencia dun requerimento da Inspección de Traballo. Contén os créditos axeitados as necesidades e cunha consignación similar ao orzamentado no exercicio 2022. Representa un 14,73 % do total do Orzamento.

O Capítulo VI de inversións Reais presenta unha consignación testimonial de 500,00 € para adquisición de material de extinción experimenta un detrimento considerable con respecto ao orzamentado no exercicio 2021 debido principalmente ao procedemento de licitación para a implantación dun novo programa informático de xestión económica-financeira e patrimonial na Deputación Provincial e o correspondentes entes dependentes. É convinte recalcar que o estipulado no Convenio asinado entre o Consorcio e a Xestora de Conciertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios establece que a aportación económica que se percibe é a través da Contribución Especial de mellora do Servizo, e que representa un 19 % do estado de ingresos cun incremento considerable, como se citou anteriormente deberá financiar novas adquisicións que redunden na mellora do Servizo. Este capítulo representa o 0,04 % do orzamento total.

## **7. MEMORÍA DA PRESIDENCIA:**

Neste documento analízanse as liñas económicas que se plasman no documento e faise unha comparativa cos datos do exercicio anterior.



## **8. INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO:**

Este documento explica detalladamente as bases e os cálculos utilizados para a elaboración dos distintos estados.

## **9. ANEXO DE PERSOAL:**

Este anexo contén a relación do persoal ao servizo do Consorcio desglosado por categorías, así coma a súa consignación económica.

## **10. ANEXO DE INVERSIONS:**

Este anexo contén a relación das inversións previstas durante o exercicio económico e a súa consignación orzamentaria.

## **11. BASES DE EXECUCIÓN:**

Consistúen o regulamento orzamentario así como a organización e circunstancias propias da Entidade.

## **12. TRAMITACIÓN:**

O art. 169 do TRLRFL, fai referencia aos pasos a seguir para a tramitación entrada en vigor do Orzamento e que son os seguintes:

- Ditame da Comisión Especial de Contas.
- Aprobación inicial polo Pleno do Consorcio.
- Traslado do expte. e acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta co Orzamento da Deputación, dando cumprimento ao art. 122.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Exposición pública mediante anuncio no BOPP durante 15 días para exame e presentación de alegacións.
- Aprobación definitiva por parte do Pleno da Deputación Provincial, unha vez resoltas as reclamacións interpostas, si as houbera.

- Publicación definitiva no BOPP, remisión as Administración Autonómica e do Estado, e entrada en vigor.

### **13. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LÍMITE DA DÉBEDA.**

A estabilidade orzamentaria implica que de maneira constante ou ao longo do ciclo, os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a presuposto obtense por diferenza entre os importes presupostados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os Capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.


Con base nos cálculos efectuados despréndese que se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

En canto ao límite da débeda o Consorcio Contraincendios para as Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes cumpre co límite da débeda xa que non dispón de débeda.

En consecuencia, o Orzamento preséntase equilibrado, ascendendo tanto en Ingresos coma en Gastos á cantidade de 1.188.738 €, o que supón un incremento do 3,6 % con respecto ao do exercicio anterior xustificado polos motivos expostos, realizándose as previsións do xeito que foron expostas que se estimas axustadas á realidade que se pretende afrontar, polo que se conclúe a efectiva nivelación do documento orzamentario.

Silleda, a 25 de setembro de 2023.

O INTERVENTOR ACCTAL.



Asdo.: Daniel L. Rodríguez Espiño.



CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO  
DAS COMARCAS DO DEZA E TABOIRÓS TERRA DE MONTES

# **ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024**

## **INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO**

## **INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO**

De conformidade co disposto no artigo 18 do Real Decreto 500/90, en relación co artigo 168 do RDL 2/2004, emítese o presente Informe para a súa incorporación ó expediente do Orzamento Xeral da Entidade para o ano 2024.

### **1. ORZAMENTO 2024.**

Elabórase este proxecto de orzamentos onde o importe total de ingresos e gastos, equilibrado, é:

**ORZAMENTO DE INGRESOS : 1.188.738,00 €**  
**ORZAMENTO DE GASTOS : 1.188.738,00 €**

### **2. BASES DE CÁLCULO.**

Na estimación dos ingresos e a cuantificación dos créditos orzamentarios consideraranse os seguintes criterios ou factores:

a) Estimación dos recursos económicos. Para a valoración dos mesmos tivéronse en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

- A contía, e no seu caso previsións, dos dereitos liquidados no ano 2022 e os provisionais no ano 2023.

- O capítulo III relativo ao cobro da taxa pola prestación do servizo non experimenta cambios con respecto ao consignado no exercicio 2023 en base aos datos arroxados nas liquidacións dos dous anos anteriores. Neste apartado é importante resaltar que o concepto orzamentario relativo á Contribución Especial de Mellora do Servizo financiada na súa totalidade pola Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios A.I.E. (UNESPA) experimenta un significativo incremento ascendendo a cantidade de 230.124,00 € fronte os

185.000,00 € consignados no exercicio 2023, xustificado polos datos arroxados pola execución orzamentaria provisional.

- En canto as transferencias correntes (capítulo IV), consígnanse os importes das achegas dos dous entes Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra, que non experimentan incremento, e ascenden a cantidade de 468.907,00 € para cada un dos entes, a xustificación desta conxelación ven dada pola previsión de incremento da Contribución Especial de Mellora, tal e como se comentou anteriormente.

O convenio en vigor asinado co Concello de Silleda, relativo a exención do I.V.T.M. dos vehículos do Parque, a taxa pola recollida de lixo e o consumo de auga potable. O Convenio de colaboración suscrito coa entidade Grupo Naturgy e o Consorcio finalizou no exercicio 2022.

- A información subministrada polos distintos servizos da Entidade.

b) Estimación dos créditos orzamentarios. Para a valoración dos mesmos tivéronse en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

- A valoración do cadro de persoal faise en base as últimas informacións publicadas, e principalmente sobre o acordo marco acadado entre a Mesa Xeral das Administracións Públicas en as principais centrais sindicais o pasado ano 2022 e sobre as liñas na elaboración do Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2024, xa que a data da elaboración do presente informe non consta normativa relativa as variacións que poidan sufrir as retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Tendo en conta o antedito contémplase unha subida en todos os conceptos retributivos dun 2,5 %.

- Os compromisos adquiridos mediante contratos, convenios, pactos ou acordos. Perante o exercicio 2024 non se contempla, a priori, o asinado de ningún contrato a maiores dos que están en vigor, os máis salientables son, a adhesión, iniciada xa durante o exercicio 2017, á Rede Dixital Móbil de Emerxencias e Seguridade da Xunta de Galicia (RESGAL); o contrato asinado para a limpeza das instalacións iniciado

igualmente durante o ano 2017 coa empresa Limpezas Nerpi e que para este exercicio contempla un incremento do servizo debido a un requerimento de Inspección de Traballo, así coma os establecidos durante os últimos anos como poden ser os de mantemento dos equipos de salvamento e do Parque Móbil, primas a seguros .....

### 3. ESTRUCTURA ORZAMENTARIA.

O Orzamento do Consorcio para o Servizo Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes para o ano 2024 presenta a seguinte estrutura:

#### ORZAMENTO DE GASTOS / INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE	CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.013.121,27	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos correntes e de servizos	175.116,73	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	249.424,00
4	Transferencias correntes	0,00	4	Transferencias correntes	939.314,00
6	Inversións reais	500,00	5	Ingresos patrimoniais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	6	Enaxenación de inversións reais	0,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1.188.738,00</b>	<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>		<b>1.188.738,00</b>

### 4. ESTADO DE INGRESOS.

Neste estado contéplanse consignacións nos capítulos III e IV.

No Capítulo III, Taxas e outros ingresos, tómanse como referencia as liquidacións realizadas nos dous últimos exercicios, e que arrojan uns datos que determinan un incremento de recadación da Contribución Especial de Mellora do Servizo financiada exclusivamente por UNESPA pasando dos 189.000,00 € orzamentados inicialmente para o exercicio 2023 aos 230.124,00 € para o vindeiro exercicio 2024.

No Capítulo IV, contémlanse as previsións de ingresos por Transferencias Correntes procedentes da Xunta de Galicia e Deputación Provincial de Pontevedra que non presentan variación con respecto ao exercicio anterior, e o convenio suscrito co Concello de Silleda, relativo a exención de taxas e impostos municipais e que non presentan variacións con respecto as estimadas no exercicio 2023. O Convenio de colaboración suscrito coa entidade Grupo Naturgy dase por finalizado.

## **5. ESTADO DE GASTOS.**

Neste estado contémlanse consignacións nos capítulos I, II e VI.

En relación cos gastos, é necesario facer referencia ás seguintes consideracións:

No Capítulo I, as retribucións do persoal reflexan un incremento dun 2,5 % en relación coas declaracións realizadas ante os medios de comunicación por parte do Goberno do Estado e os Sindicatos Comisións Obreiras e a Unión Xeneral de Traballadores, que anuncian un acordo que permitirá un incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas de ata un 9,5 % repartido nos exercicios 2022, 2023 e 2024. Deste acordo desprendese que a finais deste exercicio 2023 devengarase un único pago correspondente a un 0,5 % adicional con carácter retroactivo de 1 de xaneiro de 2023. Para o exercicio 2024 contémlase un incremento fixo dun 2 % e un 0,5 % variable que dependerá da evolución do IPC.

Especial consideración ten o concepto orzamentario para a retribución da produtividade destiñado ao pago dos “Reforzos” do persoal e ao pago de aquelas remuneracións extraordinarias que en forma de complemento de produtividade sexan susceptibles de ser concedidas pola Presidencia do Consorcio no ámbito das súas competencias, e que ascende a 103.091,58 €, este importe figura incrementado no 2,5 % en relación co consignado no exercicio 2023 e que será aplicado conforme ao acordo referido; e convinte sinalar que a vista dos datos provisionais da liquidación 2023 resulta insuficiente para garantir unha cobertura mínima de persoal en cada quenda e que constatan unha clara insuficiencia orzamentaria no concepto de produtividade.

Unha das medidas adoptada polo Pleno do Consorcio para atallar o incremento constante da Productividade é a de proceder a convocatoria dunha oferta de emprego

público para cubrir tres prazas vacantes, unha por xubilación, outra por excedencia voluntaria e outra de reposición. No presente orzamento contémpase a dotación de estas tres prazas vacantes.

Sinalar que durante este exercicio gran parte da plantilla cumpre trienios.

Este capítulo ascende a cantidade de 1.013.121,27 €, e representa o 85,23 % do total do orzamento.

O Capítulo II de Gastos Correntes e Servizos ascende á cantidade de 175.116,73 €. Experimenta un incremento porcentual dun 10 % e que supón un importe de 16.963,96 € xustificado polo incremento do IPC e máis concretamente os créditos para o suministro de combustible e enerxía eléctrica, así mesmo increméntase a partida relativa a reparación a mantemento do edificio que co paso dos anos presenta maiores deficiencias, tamén se ten en conta a adquisición dun novo vehículo o cal inflúe nos gastos derivados das primas de seguros así como os de mantemento e conservación do parque móvil. E convinte resaltar un pequeno incremento no crédito de vestiario así como a ampliación do servizo de limpeza das instalacións consecuencia dun requerimento da Inspección de Traballo. Contén os créditos axeitados as necesidades e cunha consignación similar ao orzamentado no exercicio 2022. Representa un 14,73 % do total do Orzamento.


O Capítulo VI de inversións Reais presenta unha consignación testimonial de 500,00 € para adquisición de material de extinción experimenta un detrimento considerable con respecto ao orzamentado no exercicio 2021 debido principalmente ao procedemento de licitación para a implantación dun novo programa informático de xestión económica-financeira e patrimonial na Deputación Provincial e o correspondentes entes dependentes. E convinte recalcar que o estipulado no Convenio asinado entre o Consorcio e a Xestora de Conciertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios establece que a aportación económica que se percibe é a través da Contribución Especial de mellora do Servizo, e que representa un 19 % do estado de ingresos cun incremento considerable, como se citou anteriormente deberá financiar novas adquisicións que redunden na mellora do Servizo. Este capítulo representa o 0,04 % do orzamento total.



En consecuencia, o Orzamento preséntase equilibrado, ascendendo tanto en Ingresos coma en Gastos á cantidade de 1.188.738,00 €, o que supón un incremento do 3,6 % con respecto ao do exercicio anterior xustificado polos motivos expostos, realizándose as previsións do xeito que se expuxo que se estimas axustadas á realidade que se pretende afrontar, polo que se conclúe a efectiva nivelación do documento orzamentario.

Silleda, a 25 de setembro de 2023.

O INTERVENTOR ACCTAL.



Asdo.: Daniel L. Rodríguez Espiño



CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO  
DAS COMARCAS DO DEZA E TABEIROS-TERRA DE MONTE

# **ANEXO DE INVERSIÓN**



CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO  
DAS COMARCAS DO DEZA E TABEIROS-TERRA DE MONTES

ORZAMENTO 2024

**ANEXO DE INVERSIÓN DO ORZAMENTO PARA 2024**

<b>PARTIDA</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>FINANZAMENTO</b>	<b>IMPORTE</b>
135.623	Adquisición material de extinción e salvamento	Contribución Especial de Mellora do Servizo (UNESPA)	500,00 €
		<b>TOTAL .....</b>	<b>500,00 €</b>

Silleda, setembro de 2023.  
O PRESIDENTE



CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO  
DAS COMARCAS DO DEZA E TABEIROS-TERRA DE MONTES

# **ANEXO DE PESSOAL**

**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E RETRIBUCIÓNS**

<b>PARTIDA</b>	<b>DENOMINACION-CATEGORIA</b>	<b>SALARIOS</b>
920.13000 (2)	XERENTE-XEFE ENCARGADO DE MANTEMENTO	45.978,66 24.450,44
135.13000 (17)	BOMBEIROS- CONDUCTORES	470.099,70
135.13000 (1)	SARXENTO	39.087,44
<b>TOTAL .....</b>		<b>579.616,24</b>

Silleda, setembro 2023  
**O PRESIDENTE**

# CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

ORZAMENTO PARA 2024

## RESUME XERAL POR CAPITULOS

### ORZAMENTO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.013.121,27
2	Gastos correntes e de servizos	175.116,73
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	0,00
6	Inversións reais	500,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>		<b>1.188.738,00</b>

### ORZAMENTO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
1	Impostos directos	0,00
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	249.424,00
4	Transferencias correntes	939.314,00
5	Ingresos patrimoniais	0,00
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>		<b>1.188.738,00</b>

Silleda, setembro 2023  
O PRESIDENTE,

**ORZAMENTO DE INGRESOS**

<b>CONCEPTO</b>	<b>DENOMINACION DOS CONCEPTOS</b>	<b>CONCEPTO EUROS</b>
309	Taxa pola prestación do servizo	19.000,00
325	Taxa pola expedición de documentos	300,00
351	Contribucións Especiais. Unespa	230.124,00
45080	Aportación Xunta de Galicia	468.907,00
461	Aportación Deputación Provincial	468.907,00
462	Convenio Concello de Silleda exención de taxas	1.500,00
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>		<b>1.188.738,00</b>

Silleda, setembro 2023

**O PRESIDENTE**

# CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

ORZAMENTO PARA 2024

## ORZAMENTO DE INGRESOS

Clasif. Organ.	Clasificación económica			DENOMINACION DOS CONCEPTOS	CAPITULO	ARTICULO	CONCEPTO	SUBCONCEP
	Cap.	Art.	Comc.		Subc.	EUROS	EUROS	EUROS
0								
				<b>CONSORCIO</b>				
				<b>TAXAS E OUTROS INGRESOS</b>	249.424,00			
3				<b>TAXA POLA PRESTACIÓN DUN SERVIZO</b>		19.000,00		
		30		<b>TAXA POLA PRESTACIÓN DUN SERVIZO</b>			19.000,00	
			309	<b>Servizos de carácter xeral</b>				19.000,00
				Taxa pola prestación dun servizo				19.000,00
			309					
				<b>TAXAS POLA REALIZACIÓN DE COMPETENCIA LOCAL</b>		300,00		
		32		<b>Taxa pola expedición de documentos</b>			300,00	
			325					300,00
				Taxa pola expedición de documentos				300,00
			325					
				Expedición de documentos				300,00
		35		<b>CONTRIBUCIÓN ESPECIALS</b>		230.124,00		
				Para establecemento o ampliación de servizos			230.124,00	
			351					230.124,00
				Unespa				230.124,00
			351					
				<b>TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	939.314,00			
4								
				<b>Da Comunidade Autónoma</b>		468.907,00		
		45					468.907,00	
				<b>Da Xunta de Galicia</b>				468.907,00
			455					468.907,00
				Aportación Xunta de Galicia				468.907,00
			45500					
				<b>De Entidades Locais</b>		470.407,00		
		46					468.907,00	
				<b>Outras transferencias</b>				468.907,00
			461					468.907,00
				Aportación Deputación Provincial				468.907,00
				<b>Outras transferencias</b>			1.500,00	
			462					1.500,00
				Outras transferencias				1.500,00
				Convenio Concello de Silleda, Exención de taxas				1.500,00
			462					
				<b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS</b>	<b>1.188.738,00</b>	<b>1.188.738,00</b>	<b>1.188.738,00</b>	<b>1.188.738,00</b>

Silleda, setembro 2023

O PRESIDENTE,



**ORZAMENTO DE GASTOS**

Prog	Conc	DENOMINACIÓN DOS CONCEPTOS	CONCEPTO EUROS
------	------	----------------------------	----------------

**SERVICIO DE EXTINCION DE INCENDIOS**

2024

136	13000	15 bombeiros conductores 2 prazas de reposición 1 praza de sarxento	509.187,14
136	137	Contribución a Plans e fondos de Pensións	2.542,56
136	150	Productividade	103.091,58
136	213	Contratos de mantemento equipos de salvamento	27.100,00
136	214	Conservación, mantemento e reparacions do parque mobil	20.475,00
136	22104	Vestiaro	14.400,00
136	22109	Productos e materiais de extinción	6.000,00
136	623	Adquisición material de extinción de incendios	500,00

**ORGANOS DE GOBIERNO**

912	22601	Atencións Protocolarias e Representativas	1.000,00
912	23100	Locomoción de Cargos Electivos	500,00
912	233	Indemnizacións asistencias a organos colexiados	3.005,00

**ADMINISTRACIÓN XERAL**

920	13000	Retribucións Persoal Laboral Fixo. Sr. Xerente Retribucións Encargado de Mantemento	70.429,10
920	137	Contribución a Plans e fondos de Pensións	469,01
920	143	Outro persoal. Retribución Secretaría	11.686,68
920	150	Productividade	3.000,00
920	16000	Cuotas Sociais	297.668,52
920	16207	Contrato vixiancia da saude	3.360,00
920	210	Infraestructuras e bens naturais. Edificio e outras construcións	4.320,00
920	213	Utilaxe	1.500,00
920	215	Mobiliario e enseres.	1.700,00
920	216	Equipamento para proceso de información	2.000,00
920	22000	Material de oficina	2.000,00
920	22100	Consumo enerxía eléctrica	10.000,00
920	22101	Consumo de auga	500,00
920	22103	Consumo combustibles e carburantes	28.350,00
920	22106	Productos farmaceuticos e material sanitario	1.500,00

**CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**Orzamento para

2024

Prog	Conc	DENOMINACIÓN DOS CONCEPTOS	CONCEPTO EUROS
920	22110	Productos de limpieza e aseo	3.000,00
920	22200	Gastos telefónicos	3.800,00
920	22201	Gastos Postais	200,00
920	224	Primas a Seguros	18.627,26
920	22500	Tributos	1.500,00
920	22604	Gastos Xurídicos	2.500,00
920	22706	Traballos realizados por outras empresas.	16.664,47
920	23010	Dietas Persoal. Xerencia	100,00
920	23110	Gastos Locomoción Persoal. Xerencia	300,00

**ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA**

931	143	Outro Persoal. Retribución Intervención	11.686,68
931	22706	Traballos realizados por outras empresas.	1.575,00
931	227085	Taxa recadación Oral	2.500,00

<b>T O T A I S</b>			<b>1.188.738,00</b>
--------------------	--	--	---------------------

Silleda, setembro 2023

**O PRESIDENTE**







# CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

ORZAMENTO PARA 2022

## PRESUPUESTO DE GASTOS ECONÓMICO

Org.	Clasif. Económica			DENOMINACION DOS CONCEPTOS	ORGANO EUROS	CAPITULO EUROS	ARTICULO EUROS	CONCEPTO EUROS	SUBCONC. EUROS
	Cap. Art.	Conc.	SubCon						
0				<b>CONSORCIO</b>	1.188.738,00				
1	13	130		<b>GASTOS DE PERSONAL</b>		1.013.121,27	582.627,81	579.616,24	509.187,14
				<b>PERSONAL LABORAL</b>					70.429,10
		13000		Laboral fixo					
		13000		Laboral fixo					
		13000		Laboral fixo					
		137		Plans de Pensións				3.011,57	2.542,56
		137		Aportación a Plans de Pensións					469,01
		137		Aportación a Plans de Pensións					
		14		<b>OTRO PERSONAL</b>			23.373,36	23.373,36	11.686,68
		143		Outro personal					11.686,68
		143		Outro personal					
		143		Outro personal					
		15		<b>INCENTIVOS O RENDIMIENTO</b>			106.091,58	106.091,58	103.091,58
		150		Productividade					3.000,00
		150		Productividade					
		150		Productividade					
		16		<b>CUOTAS E GASTOS SOCIAIS</b>			301.028,52	297.668,52	297.668,52
		160		Cuotas sociales					
		160		Seguridad Social					
		16000		Gastos Sociais do Personal Laboral				3.360,00	3.360,00
		163		Contrato vixilancia da saude					
		16307		Contrato vixilancia da saude					
	2	21		<b>GASTOS CORRENTES</b>		175.116,73	57.095,00	4.320,00	4.320,00
		210		REPARAC., MANTENIM. E CONSERVACION					
		210		Infraestrutura e bens naturais					
		210		Infraestrutura e bens naturais					
		210		Infraestrutura e bens naturais					
		213		Maquinaria, instalacións e utilaxe				28.600,00	27.100,00
		21300		Contratos de mantemento equipos de salvamento					1.500,00
		21301		Utilaxe					
		214		Material de transporte				20.475,00	20.475,00
		21400		Conserv. Mantem. Reparación do paque movíl					
		215		Mobiliario e enseres				1.700,00	

# CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

ORZAMENTO PARA 2022

Org.	Clasif. Económica		SubCon	DENOMINACION DOS CONCEPTOS	ORGANO EUROS	CAPITULO EUROS	ARTICULO EUROS	CONCEPTO EUROS	SUBCONC. EUROS
	Cap. Art.	Conc.							
	22	216	215	Mobiliario e enseres					1.700,00
		216	216	Equipos informaticos				2.000,00	2.000,00
		220	22000	Mantenimento programa de xestión MATERIAL, SUMINISTROS E OUTROS			114.116,73	2.000,00	2.000,00
		221	22100	Material de oficina				63.750,00	2.000,00
			22100	Suministros					10.000,00
			22101	Enerxía eléctrica					500,00
			22103	Consumo de auga					28.350,00
			22104	Combustibles e carburantes					14.400,00
			22106	Vestuario					1.500,00
			22110	Productos farmaceuticos e material sanitario					3.000,00
			22109	Productos de limpeza e aseo					6.000,00
		222	22200	Productos e materiais de extinción				4.000,00	3.800,00
			22201	Comunicacións					200,00
			22201	Telefónicos					18.627,26
			224	Postales					1.500,00
			224	Primas de seguros (vehiculos, edificios, etc.)					18.627,26
			225	Primas de seguros (vehiculos, edificios, etc.)					1.500,00
			22500	Tributos					1.500,00
			226	Tributos					3.500,00
			22601	Gastos diversos					1.000,00
			22604	Atencións protocolarias e representativas					2.500,00
			227	Gastos Xurídicos					20.739,47
			22706	Traballos realizados por empresas					16.664,47
			22706	Asesoramento contable e fiscal e limpeza instalac.					1.575,00
			22708	Asesoramento contable e fiscal					2.500,00
	23		230	Taxa recadación ORAL			3.905,00	100,00	100,00
			230	Indemnizacións por razón de servicio					100,00
			23010	Dietas					100,00
			231	Dietas					3.805,00
			23100	Locomoción					500,00
			23110	Locomoción					300,00
			233	Locomoción					3.005,00
				Indemnización asistencias a organos colexiados					3.005,00
				<b>INVERSIONS REAIS</b>					
	6						500,00		



CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO  
DAS COMARCAS DO DEZA E TAGEIROS TERRA DE MONTES

# **BASES DE EXECUCIÓN**





## **BASES DE EXECUCIÓN**

Dacordo co preceptuado no artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 9 do Real Decreto 500/1990, que desentra a Lei de Facendas Locais en materia de Presupostos, establécense as seguintes Bases de Execución do Presupuesto do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Taberíros-Terra de Montes para o Exercicio 2024.

### **BASE 1 ORZAMENTOS**

Orzamento do Consorcio Contraincendios de Deza e Taberíros-Terra de Montes constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, se poden recoñecer, e dos dereitos que se prevean liquidar pola Entidade Local durante o exercicio .

O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural, e a él imputaranse o dereitos recoñecidos no mesmo, calquera que sexa o período do que se derivan, así como as obrigas recoñecidas durante o mesmo.

A estrutura orzamentaria é a establecida na Orde do Ministerio de Economía e Facenda 419/2014, de 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

Os créditos do estado de gastos presentáanse dacordo co seguinte detalle:

- Na clasificación por programas, a nivel de programa e política de gasto ( tres díxitos).
- Na clasificación económica, a nivel de partida ( cinco díxitos)

As previsións do estado de ingresos presentáanse, dacordo coa clasificación económica, a nivel de partida ( cinco díxitos)



O rexistro contable das distintas operacións orzamentarias farase tomando como unidade a partida, que se define como a conxunción das clasificacións por programmas e económica a nivel de programa e concepto, respectivamente, sen perxuízo de ampliar-la información contable co maior desglose co que se formulan os estados presupostarios.

## **BASE 2 VINCULACIÓN XURÍDICA**

Os créditos para gastos autorizados no Presupuesto son limitativos e vinculantes nos aspectos cuantitativo, cualitativo e temporal.

O nivel de vinculación xurídica establecece ós seguintes niveis:

- Na clasificación funcional, a nivel de grupo de función
- Na clasificación económica, a nivel de capítulo

A existencia de crédito para gastos verificarase ó nivel de vinculación xurídica establecido só cando non exista crédito na partida correspondente. Serán nulos de pleno dereito os actos, acordos e resolucións que adquieran compromisos de gasto en conta superior ós créditos autorizados no estado de gastos, sen perxuízo das responsabilidades nas que incorran as persoas que autoricen tales gastos.

## **BASE 3 MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS**

As modificacións orzamentarias levaranse a cabo a proposta da Presidencia, á que se unirá memoria xustificativa da necesidade da medida, partidas ás que afecta, así como recursos dispoñibles para financiala.

A súa aprobación corresponderá ó órgano competente en cada caso.



As modificacións que se poderán realizar ó Orzamento son:

- Créditos extraordinarios e suplementos de crédito
- Transferencias de crédito
- Xeración de créditos
- Incorporación de remanentes de crédito
- Baixas por anulación

1- Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

Os Créditos Extraordinarios e Suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do Orzamento Xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. O expediente de tramitación constará de:

- Informe da Intervención e Dictame da Comisión de Facenda.
- Aprobación inicial polo Pleno.
- Exposición pública do expediente por prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- Aprobación definitiva polo Pleno, no suposto de presentarse reclamacións; noutro caso, o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- Publicación do expediente, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.
- Simultaneamente ó envío do anuncio de publicación indicado no apartado anterior, remíttase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

2- Transferencias de crédito

As Transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:



- a) Non afectarán ós créditos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b) Non poderán minorarse, mediante transferencia, os créditos que foran incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de Orzamentos pechados.
- c) Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, foran obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

Os expedientes de transferencias de crédito tramitaranse pola Presidencia, previo informe da Intervención, que certificará a existencia de crédito suficiente na partida presupostaria que deba ceder crédito.

A aprobación dos expedientes de Transferencias de Créditos entre distintos Grupos de Función corresponderá ó Pleno, salvo cando afecte a créditos de persoal. Na tramitación destes expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do Orzamento, así como o réxime de recursos contencioso administrativo contra os citados Orzamentos.

A aprobación dos demais expedientes de Transferencias de Crédito, previo informe e certificación da existencia de crédito da Intervención, corresponderá á Presidencia ou órgano en quen delegue.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre partidas presupostarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica.

### 3- Xeración de créditos

Podrán xenerar crédito nos Estados de Gastos do Presupuesto os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

- a) Aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente co Consorcio, gastos que pola súa natureza esten comprendidos nos seus fins ou obxectivos .
- b) Alleamento de bens do Consorcio.



En ámbolos dous supostos será requisito para que se xenere o crédito, que exista acto formal de compromiso firme de aportación ou recoñecemento do dereito, extremos que deberán ser acreditados pola Intervención. Entenderase que se cumpre este requisito cando se teña coñecemento fehaciente do acto, contrato ou convenio no que se documente o compromiso firme ou a aportación, debendo quedar constancia documental do mesmo no expediente.

- c) Prestación de Servicios polos que se teñan liquidado dereitos en contía superior á presupostada.
- d) Reembolsos de préstamos.

Nos dous supostos anteriores, o crédito xenerarase no momento do recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade dos devanditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos, extremos que deberán ser acreditados pola Intervención.

Os expedientes de Xeneración de Créditos tramitaranse pola Presidencia, correspondendo a súa aprobación á propia Presidencia ou órgano en quen delegue, previo informe da Intervención no que se deixe constancia de:

- a) A correlación entre o ingreso e o crédito xenerado.
- b) Os conceptos de ingresos onde se producira un ingreso ou compromiso non previsto no Orzamento inicial, ou que exceda da súa previsión inicial, e a súa contía.

- c) As partidas presupostarias do Estado de Gastos e o crédito xenerado como consecuencia dos ingresos afectados.

As resolucións da Presidencia ou órgano delegado serán executivas desde o momento da súa aprobación.

#### 4- Incorporación de remanentes de crédito

Os Remanentes de Crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións ou diferenxia entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigacións recoñecidas
- b) Os saldos de autorizacións ou diferenxia entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

Os Remanentes de Crédito, ós efectos da súa posible incorporación ó exercicio seguinte, poderán encontrarse nas seguintes situacións:



- a) Remanentes de Crédito non incorporables: En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non disponibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, salvo aqueles que estiveran financiados con recursos afectados.
- b) Remanentes de Créditos de incorporación voluntaria: Poderán ser incorporados ós créditos dos Orzamentos de Gastos do exercicio inmediato seguinte os Remanentes non utilizados procedentes de:
- Créditos Extraordinarios, Suplementos de Crédito e Transferencias de Crédito que foran concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
  - Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, á que se fai referencia no artigo 26.2,b) do Real Decreto 500/1990.
  - Créditos por operacións de capital.
  - Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.
- c) Remanentes de Créditos de incorporación obrigatoria: Os Remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ó exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continua la execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores, quedará subordinada ó cumprimento dos seguintes requisitos:

Os Remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de créditos e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e autorización; poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio presupostario seguinte, e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.

En relación cos créditos que amparen compromisos de gasto do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio presupostario seguinte, e deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Os créditos financiados con recursos afectados non lles serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, se ben deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Aos efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

- a) O Remanente líquido de Tesourería.
- b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento.



No caso de incorporación de Remanentes de Crédito para gastos con financiación afectada consideraranse recursos financeiros suficientes:

- a) En primeiro lugar, os excesos de financiación e os compromisos firmes de aportación afectados ós remanentes que se pretende incorporar.
- b) No su defecto, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

As propostas de incorporación de remanentes tramitaranse pola Presidencia, informándose pola Intervención a existencia de recursos suficientes para facer posible a incorporación.

A aprobación dos citados expedientes corresponderá á Presidencia ou órgano en quen delegue.

#### 5- Baixas por anulación

Poderá darse de “baixa por anulación” calquera crédito do Orzamento de Gastos ata a contía correspondente ó saldo do crédito, sempre que a devandita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo.

Poderán dar orixe a unha baixa de créditos:

- A financiación de Remanentes de Tesourería negativos.
- A limitación da dispoñibilidade de créditos.
- A financiación de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Para a tramitación dos expedientes de “baixa por anulación”, observaranse os seguintes requisitos:

- Iniciación do expediente pola Presidencia.
- Informe da Intervención.
- Dictame da Comisión Informativa de Facenda.

Corresponderá ó Pleno da Entidade a aprobación das baixas por anulación dos créditos incluídos no Orzamento .

#### BASE 4: EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO DE GASTOS



A execución do Orzamento de gastos realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do Gasto (A).
- b) Disposición ou compromiso do Gasto (D).
- c) Recoñecemento e liquidación da Obrigación (O).
- d) Ordenación do Pago (P).

As devanditas fases terán o carácter e contido definido nos Artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.

A competencia para acorda-las distintas fases rexerase pola normativa xeral, sen perxuízo das delegacións ou desconcentracións de carácter permanente establecidas ou que se establezan durante o exercicio.

De conformidade co disposto no Artigo 184.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Fachendas Locais e ós artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo. Poderanse acumular as seguintes fases:

Autorización Disposición (AD). Cando para a realización dun gasto se coñeza a cuantía exacta e o nome do preceptor, pero non se produciron os requisitos para proceder ó recoñecemento da obriga. Singulamente, realizarase esta operación a principios do exercicio presupostario para aqueles gastos de tracto sucesivo e de contía determinada, tales como gastos de persoal, arrendamentos, gastos financeiros, polo importe total presupostado.

Autorización Disposición Recoñecemento da Obrigación (ADO) para aqueles gastos que polas suas características requiran axilidade na súa tramitación, sempre que non esten sometidos a procesos de contratación, e nos que sexa posible proceder ó recoñecemento da obriga.

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordaran en actos administrativos separados. En calquera caso, o Organo ou Autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia, orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

Autorización do gasto:





A autorización é o acto mediante o que o órgano competente accorda a realización dun gasto determinado por unha cuantía certa ou aproximada, reservando a tal fin a totalidade ou parte dun crédito presupostario.

A autorización de gasto formalizarase mediante resolución da Presidencia ou acordo Plenario, segundo as respectivas competencias, sen perxuízo das delegacións existentes.

Nos contratos de tracto sucesivo, extenderase a autorización inicial ós gastos periódicos derivados dos mesmos.

Nos contratos menores, sempre que a súa contía supere os 600 euros, a autorización requerirá previa proposta do encargado do servizo correspondente, na que se xustificará a necesidade do gasto e se deixará constancia da solicitude de cando menos dúas ofertas, a efectos de valorala máis vantaxosa para a Entidade. A aceptación das ofertas corresponderá ó órgano autorizante.

A proposta remitirase a Intervención para a súa fiscalización e a expedición do certificado de crédito dispoñible.

Responderán persoalmente dos gastos non autorizados dacordo co procedemento establecido aqueles que os realicen.

Disposición ou compromiso do gasto

É o acto mediante o que se accorda a realización de gastos previamente autorizados, por un importe exactamente determinado, con relevancia xurídica para terceiros, vinculando á Entidade á realización dun gasto concreto e determinado, tanto na súa cuantía como nas condicións da súa execución.

Recoñecemento da obriga

O recoñecemento e liquidación da obriga é o acto mediante o que se declara a existencia dun crédito esixible contra a Entidade derivado dun gasto autorizado e comprometido.

Previamente ó recoñecemento de obrigas haberá de acreditarse documentalmente ante o Órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acreedor, de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto.

O recoñecemento e liquidación de obrigas requerirá, como trámite previo, que sexa asinada, sobre a mesma factura ou documento de cargo, dilixencia acreditativa da conformidade coa prestación recibida.



Corresponderá a competencia para prestar conformidade á Presidencia, ou Órgano ou Autoridade en quen delegue. A competencia para o recoñecemento de obrigas corresponderá á Presidencia, ou Órgano ou Autoridade en quen delegue.

O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno do Consorcio.

#### Ordeación do pago

A ordeación do pago é o acto mediante o que o ordeador de pagos, en base a unha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pago contra a Tesourería da Entidade.

Previamente á expedición de ordes de pago haberá que acreditar documentalmente perante o órgano competente para recoñecer-la obriga a realización da prestación ou o dereito do acreedor, de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto, excepto que se trate de libramentos a xustificar.

Os preceptores de subvencións concedidas con cargo ó presuposto do Consorcio están obrigados a acreditar, previamente á percepción, que están ó corrente nas súas obrigas fiscais coa Entidade, así como, posteriormente, a xustifica-la aplicación dos fondos percibidos, daccordo co que se estableza na Ordenanza Xeral de Subvencións da Entidade.

As ordes de pago materializaranse en relacións autorizadas polo órgano competente, nas que constarán, para cada orde, os importes bruto e líquido, a identificación do acreedor e a aplicación ou aplicacións presupostarias ás que deban imputarse as operacións. Excepcionalmente poderán autorizarse ordes individuais de pago.

#### Pago material

O pago material realizarase preferentemente a través de transferencia bancaria, debendo acreditar o acreedor documentalmente a titularidade da conta bancaria beneficiaria. A tal efecto deberá presentar certificación dilixenciada pola Entidade Bancaria ou declaración xurada da titularidade da conta.

Poderán realizarse pagos mediante cheque ou talón bancario, que deberá ser nominativo a favor da persoa que figure como acreedor no instrumento recoñecemento da obriga e na orde de pago.



Os pagos en metálico resérvanse, salvo circunstancias extraordinarias que haberán de ser debidamente acreditadas, para cantidades inferiores a 600,00 €.

Os pagos en metálico e a entrega de instrumentos de pago realizarase nas dependencias da Tesourería da Entidade, e xustificarse mediante o “recibín” do acreedor, no que quedará constancia da identidade da persoa que o recibe. No caso de que ésta non sexa a que figura como acreedor, deberá presentar autorización asinada por éste para recibir-lo pago no seu nome e representación. De tratarse de persoas xurídicas, poderán recibir-lo pago os administradores con poderes bastantes ou persoa que autoricen.

Nos supostos de cesión de créditos, tales como endosos de certificacións de obra, o pago verificarase respecto do endosatario, sempre que sexa debidamente notificado o mesmo á Entidade. A toma de razón dos endosos será dilixenciada pola Presidencia ou órgano en quen delegue, previa fiscalización pola Intervención municipal. No caso de delegación en órgano Colexiado, o documento de toma de razón será asinado polo Presidente.

#### Pagos a xustificar

Non se poderán expedir órdes de pago sen a debida xustificación da obrigação á que a mesma se refira.

Non obstante, con carácter excepcional, poderán expedirse órdes de pago “a xustificar”, que deberán axustarse ás seguintes normas:

- 1ª. A expedición e execución das órdes de pago “a xustificar” deberá efectuarse previa a aprobación polo órgano competente da autorización e disposición do gasto, aportándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar los documentos xustificativos antes da orde de pago.
- 2ª. Os fondos librados a xustificar poderán situarse, a disposición da persoa autorizada, en conta corrente bancaria aberta ó efecto, ou ben entregándose en efectivo ó receptor.
- 3ª. Só poderán librarse órdes de pago “a xustificar” respecto de gastos encadrables dentro do Capítulo II do presuposto de gastos
- 4ª. A xustificación das Ordes de pago expedidas con carácter de “a xustificar” deberá efectuarse no prazo de 3 meses dende a súa expedición, e, en todo caso, antes de que finalice o exercicio presupostario.



5ª. Os perceptores de fondos librados “a xustificar” deberán rendir ante a Intervención conta xustificativa dos devanditos gastos acompañando facturas e documentos que xustifiquen a mesma.

Na conta xustificativa figurarán por separado cada un dos gastos realizados co seu respectivo xustificante e o “recibín” do acreedor que acredite a realización do pago. Asumirase á mesma copia da orde de pago a xustificar na que figuren as cantidades recibidas e, no seu caso, carta de pago expedida pola Tesourería acreditativa do reintegro do sobranse.

A citada conta coa súa documentación e o Informe da Intervención someterase á aprobación do órgano que ordenou o pago. A non rendición da conta xustificativa en prazo, ou a non xustificación da aplicación dos fondos percibidos, poderá dar lugar ás responsabilidades establecidas na normativa presupostaria.

6ª. Non se poderán expedir ordes de pago “a xustificar” cando o perceptor teña pendentes de xustificar polo mesmo concepto presupostario fondos librados con este carácter

#### Anticipos de caixa fixa

Para as atencións correntes de carácter periódico e repetitivo, tales como dietas, gastos de locomoción, material de oficina non inventariable, conservación e outros similares, os fondos librados a xustificar terán o carácter de anticipos de caixa fixa.

Os anticipos de caixa fixa rexeranse polas seguintes normas:

1- As provisións de fondos en concepto de anticipos de caixa fixa realizaranse mediante resolución de autoridade competente para autoriza-los pagos, e aplicaranse inicialmente a conceptos extrapresupostarios; unha vez xustificadas as contas, as ordes de reposición de fondos expediranse con aplicación ás partidas presupostarias ás que correspondan os gastos realizados. Só se procederá á reposición de fondos unha vez aprobadas as contas xustificativas.

2- Os anticipos de caixa fixa somentes poderán constituírse para atender gastos imputables ó Capítulo II do Presupuesto da natureza dos descritos no parágrafo 1 de este apartado.



- 3- O límite cuantitativo dos anticipos fíxase na cantidade de 1.000 €. Periódicamente, cando a necesidade de reposición de fondos así o aconselle, e en todo caso unha vez ó mes, os perceptores de fondos por este concepto renderán contas polos gastos atendidos cos mesmos. Se finalizado o exercicio tivesen fondos non aplicados no seu poder, poderán aplicalos no exercicio seguinte para as mesmas atencións para as que o anticipo foi concedido.
- 4- Os anticipos poderán situarse en contas bancarias abertas ó efecto ou constituirse en efectivo. No caso de que o beneficiario fose a Tesourería da Entidade éste constituirase na caixa do Consorcio.
- 5- Poderán habilitarse anticipos de caixa fíxa en favor de membros do Consorcio e en favor da Tesourería da Entidade.
- 6- Establecerase un adecuado sistema de contabilización e control dos anticipos de caixa fíxa conforme se recolle na Instrucción de Contabilidade para a Administración Local.

## **BASE 5 EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO DE INGRESOS**

A execución do Presupuesto de ingresos realizarase con estricta sucesión ó disposto na normativa xeral aplicable en cada caso e nas Ordenanzas vixentes.

As fases da execución do Presupuesto de ingresos son as de recoñecemento do dereito e ingreso material. No caso de transferencias ou subvencións recibidas, realizaranse ademáis as fases de compromisos concertados e compromisos realizados.

Recoñecemento do dereito

O recoñecemento do dereito é o acto mediante o que se incorporan á contabilidade os dereitos liquidados a favor da Entidade. En todo caso, o recoñecemento de dereitos se aplicará ó exercicio en curso, e poderá realizarse previamente ó ingreso ou simultaneamente ó mesmo.

- Ingreso material



Os ingresos efectuaranse mediante transferencia bancaria, en efectivo ou mediante cheque conformado nominativo a favor do Consorcio Contraincendios das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

Os ingresos produciranse nas contas bancarias de titularidade da Entidade ou nas dependencias da Tesourería, quedando ésta obrigada ó seu ingreso nas contas bancarias de xeito que en ningún caso poderá haber un importe superior a 600,00 € na caixa da Entidade ó remata-la xornada.

- Compromiso concertado e compromiso realizado

No ámbito das transferencias e subvencións percibidas, previamente ó recoñecemento, realizaranse estas dúas fases, co seu correspondente reflexo contable.

Contabilizarase o compromiso concertado cando se formalice documentalmente o compromiso de aportación por parte do Ente. O compromiso realizado formalizarase cando, por cumprirse os requisitos establecidos para a efectividade da aportación, o seu importe sea esixible pola Mancomunidade.

## **BASE 6: DEREITOS DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN**

A efectos da liquidación do Presupuesto, sen que en ningún caso implique a súa anulación nin baixa en contabilidade, decláranse de difícil ou imposible recadación os dereitos pendentes de cobro que resulten de aplica-las seguintes porcentaxes:

- a) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores a o que corresponda a liquidación, minoraránse, como mínimo, nun 25 por cento.
- b) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior a o que corresponda a liquidación, minoraránse, como mínimo, nun 50 por cento.
- c) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores a o que corresponda a liquidación, minoraránse, como mínimo, nun 75 por cento.



d) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores a o que corresponda a liquidación, minoraránse nun 100 por cento.

#### **BASE 7 : BASES ADICIONAIS**

1.- Gastos de locomoción e dietas.

En aplicación do disposto na Resolución de 9 de febreiro de 2018 conxunta da Secretaría de Estado de Función Pública e da Secretaría do Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se dictan instrucións sobre comisións de servizos con dereito a indemnización. por razón do servizo, establécense as seguintes contías por este concepto, que se devengarán por aquelas persoas incluídas dentro do ámbito de aplicación do mesmo.  
Fíxase a conta dos gastos de locomoción en 0,19 € por Km.

#### **BASE 8: ENTRADA EN VIGOR E PERÍODO DE VIXENCIA**

As presentes Bases entrarán en vigor xunto co Presupuesto, e rexerán durante todo o período de vixencia deste.

En Silleda a, setembro de 2023